

*Presidente do GDR 15 "Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-O Morrazo "*

*Lg O Igresario, nº 36 B*

*36.914 Marín*

*Pontevedra*

**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 30 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítese esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



# ANEXO I



D.Andrés Díaz Sobral, con D.N.I nº 76.817.173-W, en calidade de Secretario, da "Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-O Morrazo", con CIF G-36591873.

#### CERTIFICA:

Que a Xunta Directiva da Asociación, no uso das lexítimas competencias conferidas pola Asemblea Xeral, na sesión extraordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, adoptou entre outros, o seguinte ACORDO por unanimidade:

**4.-Aprobación, se procede, da modificación da EDLP do GDR Pontevedra Morrazo, segundo o acordo de modificación das bases reguladoras da medida LEADER Galicia 2014-2020 publicada o DOG o 18 de marzo de 2021.**

O GDR Pontevedra-Morrazo acordou aprobar a modificación da EDLP do GDR Pontevedra Morrazo, segundo o acordo de modificación das bases reguladoras da medida LEADER Galicia 2014-2020, que a continuación se detalla:

- a) Engádesse expresamente unha tipoloxía de posibles investimentos na Liña de actuación 1.1.3, coa seguinte redacción (páxina 256):

"Liña de actuación 1.1.3: Desenvolvemento de novos produtos agrarios e fomento da agricultura e gandería ecolóxica, as variedades autóctonas e as denominacións ou indicacións de orixe; e/ou investimentos vinculados á mobilización ou recuperación de terras"

- b) Engádesse un apartado 3 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 1.1.3, coa seguinte redacción (páxina 257):

"3. Investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria"

- c) Engádesse expresamente unha tipoloxía de posibles investimentos no apartado 4 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 2.2.1, coa seguinte redacción (páxina 262):

"4. Apoio a proxectos singulares que potencien o uso multifuncional do monte; cultivos complementarios (cogomelos, castañas, froitos silvestres, etc.) sistemas silvopastoris, etc. así como aos proxectos agroforestais vinculados a mobilidade ou recuperación de terras"

- d) Engádense un apartado 2 e un apartado 3 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 3.1.1, coa seguinte redacción (páxina 262):

"2. Investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER.

3. Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular"



e) Engádesse un apartado 2 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 3.2.1, coa seguinte redacción (páxina 264):

“2. Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo vinculadas a proxectos de enerxías renovables e economía circular”

f) Engádesse un apartado 3 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 5.1.1, coa seguinte redacción (páxina 268):

“3. Actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano.”

g) Engádesse expresamente unha tipoloxía de posibles investimentos no apartado 5 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 9.1.1, coa seguinte redacción (páxina 276):

“5. Apoio a iniciativas que pretendan favorecer o aproveitamento conxunto das parcelas, e que freeen o seu abandono, como os bancos de terras, o cooperativismo agrario, ou as actuacións vinculadas á mobilización ou recuperación de terras.”

h) Engádesse un apartado 5 en Medidas ou proxectos dentro da Liña de actuación 9.2.1, coa seguinte redacción (páxina 277):

“5. Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente.”

i) Engádesse expresamente unha tipoloxía de posibles investimentos no apartado 4.3-Ambito do proxecto do punto 4. Características do proxecto dentro do epígrafe 5.2.4. Criterios de baremación de proxectos produtivos [5. Normas de xestión da EDLP], coa seguinte redacción (páxina 333):

“Investimentos no sector primario (producción, transformación ou comercialización, agrícola, gandeira ou forestal); ou vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras.”

As modificacións da EDLP aprobadas pola Xunta Directiva para a súa autorización pola AGADER, serán presentadas na primeira convocatoria da Asemblea Xeral do GDR Pontevedra-Morrazo para a súa ratificación.

E para que así conste aos efectos oportunos, asina o presente certificado en Pontevedra, a 31 de marzo de 2021.

Visto e Prace  
O presidente,

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores



O secretario,

Asdo. Andrés Díaz Sobral

